

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS (*VADOS*) E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.**

*Aprobación: 23/10/98 - B.O.P.: 29/12/98*

*Modificación: 31/03/05 - B.O.P.: 19/05/05*

*Modificación: 21/11/05 – B.O.P.: 13/02/06*

*Modificación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08*

### **Artigo 1. NATUREZA E FUNDAMENTO.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 deste último, acorda a imposición e ordenación da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outros usos similares. A presente Ordenanza Fiscal Reguladora, atenderá, nas súas normas de concesión, autorización e organización, ao disposto na Ordenanza Reguladora dos pasos para a entrada e saída de vehículos do Porriño.

### **Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúen o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

Están suxeitos a esta taxa:

- a) Reservas permanentes para a entrada e saída de vehículos en edificios, soares, fábricas, talleres e, en xeral, en inmobles de calquera destino, feita a través de terreos destinados ao uso público.
- b) Reservas de carácter temporal para diversas actividades mercantís, industriais, comerciais ou de servizos e obras de edificación
- c) Paso de vehículos en rúas peonís.
- d) Paso a través de beirarrúas sen reserva de espazo.
- e) A reposición de sinais obrigatorios indicadores do aproveitamento.

### **Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS.**

- Serán suxeitos pasivos desta taxa a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.
- Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa, os propietarios dos

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

terreos e locais aos que dean acceso as devanditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

#### **Artigo 4. *RESPONSABLES.***

- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5. *BENEFICIOS FISCAIS.***

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, non estarán obrigados ao pago da taxa cando soliciten licenza para beneficiarse dos aproveitamentos especiais aos que se refire o Artigo 2. De igual maneira, quedarán exentos do pago da taxa, aquelas institucións públicas que necesiten do aproveitamento antes citado cando realicen tarefas destinadas á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

#### **Artigo 6. *COTA TRIBUTARIA.***

A cota desta taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

#### **Artigo 7. *PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO***

O período impositivo coincidirá co ano natural. Cando se trate de novas autorizacións para a realización dos aproveitamentos descritos nos apartados a), c) e d) do artigo 2, o período impositivo coincidirá co primeiro día do trimestre natural no que se conceda a autorización.

A taxa *devengarase* o primeiro día do período impositivo, agás cando se trate de novos aproveitamentos que será o primeiro día do trimestre natural no que se conceda a autorización. As cotas serán irredutibles, sendo rateables por trimestres naturais, ademais do suposto anterior (novo aproveitamento), no caso de cese da utilización privativa ou aproveitamento especial.

No suposto recollido no apartado b) do artigo 2 de reservas temporais, a taxa *devengarase* no momento en que sexa autorizada a utilización privativa ou aproveitamento especial ou sexa iniciado o aproveitamento sen obter a oportuna licenza. O período impositivo será o autorizado, expresado en días.

No suposto recollido no apartado e) do artigo 2 as cotas serán irredutibles, sen que se admita *rateo* ningún.

#### **Artigo 8. *Normas de xestión***

- As persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos especiais regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza ou autorización e realizar o pago da

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

taxa regulada nesta Ordenanza. Para iso, deberá acompañar os seguintes documentos:

1. Documentos xerais:

- a) Fotocopia do DNI do solicitante.
- b) Xustificación de ser propietario ou arrendatario das fincas ou locais.
- c) Documentación gráfica na que se represente con exactitude:
  - Planta acoutada superficializada do local, grafando o número de prazas existentes por planta (planos a escala: 1:100 ).
  - Plano a escala:1:1000 de situación do edificio onde se defina claramente a situación do local, en cartografía oficial do PXOM.
  - Fotografía en cor da porta de acceso ao local ou do lugar onde se queira instalar.
  - Determinación no seu caso dos elementos ornamentais ou de mobiliario urbano que puideran verse afectados e fotografía en cor dos mesmos.
  - Calquera outro documento que o Concello estime necesario para o cumprimento da normativa urbanística vixente.

2. Documentos particulares:

- a) Fotocopia da licenza de primeira ocupación para edificios cunha antigüidade de construción máxima de seis anos.
- b) Fotocopia da licenza de apertura polo que respecta a actividades mercantís, industriais, comerciais ou de servizos e fotocopia do Imposto de Actividades Económicas correspondente de dito local.

- No momento de solicitar a autorización para realizar os aproveitamentos previstos nesta Ordenanza, os peticionarios deberán ingresar o importe dos períodos a que se refire a petición. Dito importe será autoliquidado polo suxeito pasivo, con expresión do artigo de suxeición e do/s concepto/s autoliquidados. Non se tramitará o expediente se non se ten efectuado o pagamento correspondente.

- Solicitada a ocupación por medio de instancia dirixida á Alcaldía e achegados os documentos precisos para poder resolver, procederase á tramitación do expediente. Adoptado o acordo pola Alcaldía, notificaráselle ao interesado e comunicaráselle aos servizos municipais encargados da súa execución.

- Revisada a liquidación, practícaranse os aboamentos ou esixíranse as diferenzas que procedan, elevándose a definitiva a liquidación ata entón provisional.

- Autorizada a utilización privativa ou aproveitamento especial, entenderase prorrogada automaticamente, ata que a baixa sexa solicitada polo interesado ou ben sexa declarada a súa caducidade. As baixas producirán efectos a partir do trimestre seguinte a aquel en que se solicitan; que de non solicitarse seguirase *devengando* a taxa.

- Todas as autorizacións concedidas serán consignadas nun Padrón que será elaborado anualmente. Os contribuíntes deberán ingresar o importe das cotas tributarias referidas no Padrón fiscal anual na Tesourería Municipal ou nas oficinas das Entidades colaboradoras.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente de sanción por infracción tributaria.
- Calquera dos aproveitamentos obxecto desta ordenanza, deberá efectuarse con estrita suxeición ás condicións impostas pola Administración Municipal e entenderanse concedidas as autorizacións, sempre en precario, e sen posibilidade de instar o titular indemnización algunha cando o Concello estime necesario retirar a licenza por razóns de tráfico, circulación, urbanísticas ou de outra índole.
- Os titulares das licenzas para pasos de vehículos a través das beiravías deberán proverse no Concello de placas regulamentarias para a sinalización do aproveitamento mediante o pago previo do seu custo establecido na presente Ordenanza.
- Nestas placas, constará o número de licenza concedida e deberán ser instaladas de forma permanente e visible, delimitando a lonxitude do aproveitamento.
- A falla de instalación das placas identificadoras na fachada ou lugar visible das entradas ou saídas, aínda concedida a licenza, non impedirá o estacionamento fronte ás mesmas.
- Unha vez autorizada ou concedida a licenza, entenderase prorrogada mentres non se presente declaración de baixa polo interesado.
- Os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no caso de alteración ou baixa dos aproveitamentos dentro do prazo de 30 días dende que se produce a mesma, debendo entregar en todo caso a placa identificadora do paso de vehículos. Quen non o faga así, seguirá na obriga de pagar a taxa.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada.

#### **Artigo 9. Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

#### **Disposición final.**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

### **A N E X O**

I.- A cota anual que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

**1. PASO PERMANENTE:**

- Por garaxes, aparcadoiros e garaxes de comunidades de propietarios,

	VÍAS GRAO A	VÍAS GRAO B	VÍAS GRAO C
De 1-3 vehículos	31,35 €	15,68 €	7,84 €
De 4-10 vehículos	83,60 €	41,80 €	20,90 €
De 11-25 vehículos	209,00 €	104,50 €	52,25 €
De 26-50 vehículos	365,75 €	182,88 €	88,83 €
De 51-100 vehículos	783,75 €	391,88 €	188,10 €
De 101-150 vehículos	1.149,50 €	574,75 €	271,70 €
Máis de 150 vehículos	1.881,00 €	836,00 €	418,00 €

- Vivendas Unifamiliares:

	VÍAS GRAO A	VÍAS GRAO B	VÍAS GRAO C
Vivendas Unifamiliares	31,35 €	15,68 €	7,84 €

- Reservas permanentes para acceso a Gasolineiras, Estacións de Servizos e talleres de reparación e para a realización de actividades industriais, mercantís, comerciais ou de servizos:

Tarifa Única	52,25 €/ metro lineal ou fracción de reserva
--------------	--

**2. PASO TEMPORAL:**

Por reservas de espazo temporais para a realización de diversas actividades industriais, comerciais, industriais, de servizos ou de construción.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

	<b>TARIFA ÚNICA</b>
Reservas de espazo temporais para actividades mercantís, industriais e comerciais ou de servizos	0,15 €/m lineal ou fracción/día
Reserva de espazo temporais para diversas actividades de construción	0,15 €/m <sup>2</sup> ou fracción/día
Zonas de carga e descarga con horario limitado	52,25 €/metro lineal ou fracción/ano

### **3. PASO DE VEHÍCULOS POR RÚAS PEONÍS**

- Cando o paso do vehículo cara un aparcadoiro demande o paso por zona peonil e a reserva do espazo durante as 24 horas do día durante toda a semana.

	<b>VÍAS GRAO A</b>	<b>VÍAS GRAO B</b>	<b>VÍAS GRAO C</b>
De 1-3 vehículos	31,35 €	15,68 €	7,84 €
De 4-10 vehículos	83,60 €	41,80 €	20,90 €
De 11-25 vehículos	209,00 €	104,50 €	52,25 €
De 26-50 vehículos	365,75 €	182,88 €	88,83 €
De 51-100 vehículos	783,75 €	391,88 €	188,10 €
De 101-150 vehículos	1.149,50 €	574,75 €	271,70 €
Máis de 150 vehículos	1.881,00 €	836,00 €	418,00 €

### **4. PASO A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS SEN RESERVA DE ESPAZO**

- Para o acceso a garaxes e aparcadoiros sitos nas rúas nas que por existir prohibición para aparcar non o precisen.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

	VÍAS GRAO A	VÍAS GRAO B	VÍAS GRAO C
De 1-3 vehículos	20,90 €	10,45 €	3,66 €
De 4-10 vehículos	52,25 €	26,13 €	9,41 €
De 11-25 vehículos	156,75 €	78,38 €	26,13 €
De 26-50 vehículos	287,38 €	141,08 €	47,03 €
De 51-100 vehículos	627,00 €	303,05 €	104,50 €
De 101-150 vehículos	940,50 €	454,58 €	156,75 €
Máis de 150 vehículos	1.567,50 €	757,63 €	261,25 €

#### 5. EXPEDICIÓN E REPOSICIÓN DOS SINAIS INDICATIVOS DO APROVEITAMENTO:

Tarifa Única	23,38 €
--------------	---------

#### ANEXO II

A clasificación das vías municipais aos efectos desta taxa será a seguinte:

##### VÍAS GRAO A:

- Rúa Antonio Palacios ata a altura do Motel Acapulco, incluíndo este.
- Rúa Avelino Villasuso
- Rúa Avenida Buenos Aires
- Rúa Avenida de Galicia
- Rúa Cando
- Rúa Codesal
- Rúa Doantes de Sangue
- Rúa Doctor Paz Varela
- Rúa Domingo Bueno
- Rúa Estación
- Rúa Fernández Areal
- Rúa Leandro Diz

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

- Rúa Manuel Rodríguez
- Rúa Mercado
- Rúa Peña
- Rúa Pinar
- Rúa Pío XII
- Rúa Progreso
- Rúa Ramiranes
- Rúa Ramón González
- Rúa Servando Ramilo
- Rúa Xogo da Ola
- Paseo do Cristo
- Praza Antonio Palacios
- Praza Central
- Polígono Industrial As Gándaras
- Polígono Industrial A Granxa

**VIAIS GRAO B:**

- Rúa Aloques
- Rúa Coruña
- Rúa Cruceiro
- Rúa Lugo
- Rúa Ourense
- Rúa Parque Infantil
- Rúa Pontevedra
- Rúa San Sebastián
- Praza San Benito
- Antiga estrada CN-120 ata o P.K. 655,750
- Antiga estrada CN-550 ata o P.K. 159,300
- Estrada PO-331 O Porriño-Gondomar ata Astra Zéneca incluíndo esta.
- Estrada PO-410 ata P.K. 2,00
- Estrada P8201 O Porriño-Mosende ata o acceso ao Polígono I de Torneiros
- Rúa de acceso ao Polígono I de Torneiros
- Vías dos Polígono II, III, IV e V de Torneiros

**VÍAS GRAO C:**



Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas (*vados*) e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

- Resto vías Centro Urbano
- Resto vías Parroquias.

A modificación desta Ordenanza Fiscal, foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada ao efecto, o día 31 de Marzo de 2005 , e posteriormente nas datas que se indican no encabezamento.